



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CEE

*Ampliación do horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas con motivo da celebración da festa/verbena popular festa de Santo Adrán de Toba*

#### RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AMPLIACIÓN DO HORARIO DE PECHE DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO E DE FINALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FESTA/VERBENA POPULAR FESTA DE SANTO ADRÁN DE TOBA NO LG. TOBA DE ABAIXO, DA PARROQUIA DE TOBA

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2026/G003/000585

#### ANTECEDENTES:

EXPTE. Nº 2026/U029/000025

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece no artigo 4.c) que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Así mesmo, dispón no artigo 5.f) que lles corresponde aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17 da Lei.

A Orde da Vicepresidencia primeira Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, dispón no seu artigo 9.1 que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Por Resolución da alcaldía nº 1020/2025, de data 10/12/2025, fíxose o número máximo de días naturais durante o presente ano 2026 nos que poderán ampliarse os ditos horarios neste termo municipal, conforme co disposto no artigo 9.2 da devandita Orde. Na citada Resolución indícase que as datas concretas de ampliación dos horarios determinarase mediante resolución da alcaldía, de oficio ou a petición de parte interesada.

No artigo 9.4 da Orde do 23 de outubro de 2020 sinalase que as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Logo de ver o escrito presentado nas oficinas municipais o día 03/06/2026 (registro entrada nº 202600000001345) por Carlos Lema Martínez, en representación da Asociación Recreativa Deportiva e Cultural Comisión de Festas San Adrián de Toba, organizadora da festa/verbena popular denominada *Festa de Santo Adrán de Toba*, que se vai celebrar no Lg. Toba de Abaixo, da parroquia de Toba, deste termo municipal, os días 15, 16 e 17 de xuño de 2026, e no que solicita a ampliación do horario de remate da verbena nocturna os días 15 e 16 de xuño ata as 5:00 h do día seguinte.

Considerando a vontade deste Concello en apoiar a actividade das verbenas como celebracións festivas tradicionais de Galicia así como o interese en favorecer o tecido asociativo municipal, que fai posible a celebración destes eventos, o cal se debe compatibilizar coa aplicación das normas en materia de contaminación acústica ou outras disposicións legais e, así mesmo, cos dereitos de terceiras persoas, coa seguridade do público asistente á festa e co óptimo funcionamento dos servizos públicos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º. **Autorizar a ampliación en media hora** sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, da **finalización da festa/verbena popular** denominada *Festa de Santo Adrán de Toba*, que se vai celebrar no Lg. Toba, da parroquia de Toba, deste termo municipal, **na noite do luns, 15 de xuño ao martes, 16 de xuño de 2026 e na noite**

do martes, 16 de xuño ao mércores, 17 de xuño de 2026, co cal, o horario máximo de finalización da festa popular os días sinalados será ás 05:00 horas.

2º. Autorizar a ampliación en 2 horas sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, do peche dos establecementos de restauración (epígrafe III.2.5, Orde do 23 de outubro de 2020) da parroquia de Toba na noite do luns, 15 de xuño ao martes, 16 de xuño de 2026 e na noite do martes, 16 de xuño ao mércores, 17 de xuño de 2026. Os devanditos establecementos deberán contar co título habilitante correspondente (licenza ou comunicación previa de inicio da actividade con toda a documentación esixida) para o exercicio da actividade.

3º. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, o 4 de xuño de 2026.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

2026/3907